



ENTROIDO 2018

Bases do Concurso de Choqueiros

1. Inscripción de participantes o mesmo día 13 de febreiro de 19:00 a 20:00 horas na entrada principal da Escola Municipal de Música (Rúa da Torre, 67). Poderase participar nunha única modalidade: individual ou de grupo (máis de dúas persoas), e non se permite a inscrición en ambas as modalidades.

2. O concurso desenvolverase nun escenario instalado na Rúa da Torre confluencia coa Rúa Curros Enríquez ou onde se determine pola organización se as condicións meteorolóxicas non permiten a súa realización nese lugar.

Hora de inicio: 20:00 h.

3. Enténdese por Choqueiros aquelas persoas que, sen utilizar traxes comercializados, disfrázanse utilizando a súa propia inventiva e atavíos convencionais para resultar estrafalarios.

4. Poderán formar parte no Concurso de Choqueiros todas as persoas nadas antes do 1 de xaneiro de 2006.

5. Establécense os seguintes premios:

MODALIDADE INDIVIDUAL

Un primeiro premio de	500,00 €
Tres segundos premios de	300,00 €
Cinco terceiros premios de	150,00 €

MODALIDADE DE GRUPO

Un primeiro premio de	600,00 €
Dous segundos premios de	400,00 €
Tres terceiros premios de	200,00 €

6. Entregaranse ademais 100 lotes de Entroido (1 mini lacón e unha ristra de chourizos), aos primeiros inscritos. Na categoría de grupo entregaranse un máximo de 4 lotes por grupo.

7. A inscrición no Concurso levará implícita a aceptación das presentes bases.